

SEÑOR SANTIAGO:

Somos os representantes das delegacións de Manos Unidas en Galicia.

Chegamos ata a túa tumba para presentar o traballo e a misión que tantas mulleres e homes fan levando adiante os proxectos que desde Manos Unidas se realizan en distintas partes desta casa común que é a Nai Terra.

Chegamos aquí como peregrinos agradecidos polo tempo que se nos dá, os nomes amados e a misión recibida de erradicar a fame e a inxustiza no mundo. Peregrinos, como tantos e tantas que chegan ata a túa casa, nunca en soidade, rodeados do Misterio e abertos ao eterno que se fai fraternidade cos irmáns máis desfavorecidos e esquecidos.

Axúdanos, Apóstolo Santiago, a facer posible aquel soño do Mestre de Nazaret: “Envioume a evanxelizar aos pobres, a proclamar aos cativos a liberdade, e aos cegos, a vista; a poñer en liberdade aos oprimidos; a proclamar o ano de graza do Señor». Queremos seguir apostando por esta misión de “contaxiar solidariedade para terminar coa fame”; desexamos ser aprendices na escola da xustiza, da paz e do ben.

A experiencia dramática da pandemia obrigounos a distanciarnos dos demais e a ver no outro un posible contaxio. Un contaxio pode levar a un auténtico desastre para unha familia, para un proxecto, para tantas vidas. Cantas veces ao longo deste tempo de pandemia escoitamos esta pregaría “Límpanos, Señor, elimina este virus que nos mata, que nos illa, que nos deshumaniza!”. E ao mesmo tempo, durante estes meses vimos desfilar polos hospitais e por tantos lugares a Xesús vestido de médico ou enfermeira, de veciño ou de condutor de ambulancia ou nun vehículo dalgún servizo esencial, ou empregado nunha tenda, supermercado ou farmacia. En tantos lugares. Vimos aquí e nos recunchos máis esquecidos da terra desfilar a Xesús na pel de mulleres e homes dispostos ao contaxio por amor á vida, por amor á humanidade, por amor á terra e ás súas xentes.

Chega o momento, Señor Santiago, de actuar de forma sincronizada pola corresponsabilidade que nos une a todos os cristiáns e a todos os seres humanos fronte aos problemas globais, entre eles o de erradicar a fame no mundo. Axúdanos a colaborar e participar desde Manos Unidas en todos os proxectos que traballen en prol da dignidade de todo ser humano e os seus dereitos; axúdanos a xerar novos estilos de vida máis solidarios e sostibles.

Nesta crise sanitaria que nos golpeou tanto e que dunha maneira especial segue golpeando aos países máis empobrecidos queremos reforzar o noso compromiso e a nosa misión en “seguir contaxiando solidariedade para terminar coa fame no mundo”.

Axúdanos, acompáñanos e anima a nosa peregrinación, Señor Santiago.